



ACTA DE ACORDO DA MESA SECTORIAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE SOBRE CRITERIOS BÁSICOS DOS BAREMOS DAS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DERIVADOS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Pola Administración

Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos.

M^a José Montero Furelos.- Subdirectora xeral Selección de Persoal.

Margarita Prado Vaamonde.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.

Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais

Nieves Fiel Paz.- Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional

Julio Piñeiro Sabarís.- Xefe de servizo de Relacións Laborais.

Polas organizacións sindicais:

Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)

Manuel González Moreira (CIG)

Lucía Peón Soutiño (CIG)

M^a Luz Fernández Tuñas (CCOO)

Eva M^a Vidal Marcote (CCOO)

M^a Sol López López (CCOO)

Carlos Castro Rivas (CSI-F)

Carlos Rodríguez López Mosquera (CSI-F)

Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)

Asunción Maus Gómez (SATSE)

Javier Martínez Fente (UGT)

Carlos Cancela Rodríguez (UGT)

Yesica López Curbeira (UGT)

Nas dependencias da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela ten lugar ás 16 horas do día 5 de decembro de 2022 unha sesión da Mesa Sectorial, cos asistentes relacionados á marxe e en cuxa orde do día figura o asunto citado no encabezamento.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8%, regulando os procesos de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas, tanto os regulados no artigo 2, como o concurso de méritos das disposicións adicionais sexta e oitava.

A posta en marcha dos referidos procesos determinou un conxunto de orientacións recollidas na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública de 1/04/2022, de cuxo contido resulta salientable que:

- O obxectivo é acadar unha temporalidade estrutural non superior ao 8% do total de efectivos, evitando un uso abusivo da figura do emprego temporal para exercer funcións de carácter permanente ou estrutural, no senso definido no artigo 10.1a) do TR do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Debe de tratarse de prazas desempeñadas por persoal con vinculación temporal.
- Da resolución destes procesos non poderá derivarse incremento de gasto nin de efectivos.

Tales premisas obrigan a que nas ofertas públicas de emprego correspondentes a estes procesos de estabilización, e nomeadamente os relativos ao concurso de méritos das disposicións adicionais sexta e oitava, e nas conseguíntes convocatorias, soamente se poidan incluír as prazas ocupadas por persoal temporal, quedando excluídas as desempeñadas polo persoal fixo baixo a modalidade de promoción interna.

A este respecto cómpre indicar que este persoal propietario xa dispón das súas quendas de reserva nos procesos selectivos ordinarios, e cuxa cobertura supón a simultánea xeración dunha praza vacante doutra categoría, polo que, de ser incluídas en ditos procesos, non se cumpriría a finalidade última da Lei 20/2021, que é reducir a temporalidade.

Por outra banda, a coordinación esixida pola Lei 20/2021 entre as distintas administracións públicas no desenvolvemento dos procesos de estabilización derivou, no seo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, e sen prexuízo do establecido no artigo 29.1.f) do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, no Acordo de Recomendacións do 18/10/2022 para aplicación do proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021.

En base ao antedito, esta Mesa Sectorial adopta o seguinte acordo, logo da súa negociación nas sesións de datas do 5, 18 e 28 de outubro, 14 de novembro, e 2 e 5 de decembro de 2022:

CRITERIOS BÁSICOS DOS BAREMOS DAS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DERIVADOS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. Obxecto e ámbito.

Este Acordo ten por obxecto establecer determinadas bases aplicables ás convocatorias dos procesos selectivos das prazas incluídas nos Anexos I, II e III do Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, con independencia de que esas convocatorias incorporen tamén outras prazas incluídas na ofertas ordinarias de emprego público do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

2. Concurso-oposición.

Nos procedementos que se tramiten polo sistema de concurso-oposición, en aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a puntuación da fase de oposición suporá ata o 60 por cento da puntuación total, resultando da fase de concurso o 40 por cento restante. A puntuación máxima a acadar neste procedemento será de 100 puntos.

Nestes procedementos a nota de corte do exercicio da parte específica redúcese respecto a convocatorias precedentes, e pasa do 50% ao 35%.

Dado que en numerosas categorías nas que existe oferta de estabilización que se deban cubrir polo sistema de concurso-oposición, existe prazas pendentes de convocatoria correspondentes a taxa ordinaria incluídas nos diversos decretos de oferta de emprego público de persoal estatutario Sistema Público de Saúde de Galicia, nas convocatorias reservárase o 50% do total das prazas que se convocan en execución destes decretos para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

Nas categorías nas que as convocatorias sexan exclusivamente de estabilización, incluíranse prazas de promoción interna dentro dos dous anos próximos.

Os baremos da fase de concurso, nos termos e cos valores numéricos que se concretarán nas correspondentes convocatorias (previa negociación na Mesa Sectorial), axustarase aos que se veñen utilizando no Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo da incorporación aos mesmos das previsións normativas que lle resulten de aplicación.

Nota: sen cambios respecto á estrutura ordinaria dos procesos do Sergas.

A distribución dos baremos na fase de concurso será o seguinte:

Categorías para as que se require título de especialista en ciencias da saúde.

	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	DOCENCIA. INVES. E INNOV
PUNTOS	14	22	4
PORCENTAXE	35%	55%	10%

Outras categorías (enfermeira/o, persoal sanitario de formación profesional...).

	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	OUTRAS ACTIVIDADES
PUNTOS	8	28	4
PORCENTAXE	20%	70%	10%



A excepción á norma xeral de outras categorías (celador/a, condutor/a...).

	FORMACIÓN	EXPERIENCIA
PUNTOS	12	28
PORCENTAXE	30%	70%

3. Concurso de méritos.

No baremo dos concursos que se convoquen para a estabilización de prazas ocupadas por persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia, incluídas no Decreto 81/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, en aplicación das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, será de aplicación o baremo que se determine nas bases da convocatoria.

O proceso está orientado a acadar a redución da taxa de temporalidade estrutural (interino/plantilla) por debaixo do 8%, fixando para tal fin o seguinte baremo:

- 1.- A puntuación máxima a acadar será de 45 puntos, baremo méritos 40 e idioma galego 5.
- 2.- O baremo de méritos do sistema de concurso (40 puntos), axustarase aos seguintes criterios básicos, nos termos e cos valores numéricos que se concretarán nas correspondentes convocatorias (previa negociación na Mesa Sectorial):

2.1. O apartado de experiencia profesional, que suporá ata un 70 por cento da puntuación máxima do concurso (28 puntos).

2.1.1. Os servizos prestados exclusivamente como persoal estatutario temporal na mesma categoría e especialidade ou categoría equivalente homologada, no Sistema Público de Saúde de Galicia: 0,20 puntos/mes.

Para acadar a puntuación máxima no apartado de experiencia profesional, será necesario ter prestado con carácter xeral entorn a 12 anos de servizos no Sistema Sanitario Público de Galicia con vinculación temporal.

2.1.2. Os servizos prestados como persoal estatutario temporal na mesma categoría e especialidade ou categoría equivalente homologada por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público doutros servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde: 0,10 puntos/mes.

2.1.3. Os servizos prestados como persoal temporal na mesma categoría e especialidade ou categoría equivalente homologada por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias dun país da Unión Europea/Espazo Europeo/Suiza, e servizos prestados en institucións con contrato de servizos públicos (concertadas): 0,06 puntos/mes.

2.1.4. Os servizos prestados como persoal estatutario noutra categoría/especialidade por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público de Galicia: 0,05 puntos/mes.

2.1.5. Os servizos prestados como persoal estatutario noutra categoría/especialidade por conta e baixo dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público doutros servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde: 0,025 puntos/mes.

Nalgunha categoría/especialidade poderá modularse o baremo para adaptarse ás peculiaridades da normativa de aplicación.

2. O 30 por cento restante da puntuación destinarase a valorar a formación e outros méritos relevantes para o mellor desempeño das funcións inherentes ás diversas categorías profesionais. (12 puntos)

Esta puntuación asignarase aos méritos que se veñen valorando con carácter ordinario nos procesos selectivos do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia, sen prexuízo dos axustes que sexan necesarios co obxectivo de acadar a primacía da valoración da experiencia.

3. Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego e garantir o dereito das/dos usuarias/os dos distintos servizos sanitarios do Servizo Galego de Saúde ao seu uso, como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, no concurso valorarase o coñecemento da lingua galega. (5 puntos).

O sistema de desempate efectuarase a favor dos/das aspirantes que tivesen maior número de días de servizos prestados na categoría/especialidade no Servizo Galego de Saúde. De persistir o empate, continuarase polo maior número de días de servizos prestados noutra categoría/especialidade no Servizo Galego de Saúde e, de ser necesario, sucesivamente por cada apartado do baremo de formación e outros méritos pola súa orde. De seguir existindo méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas

dirimirase o desempate a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta. Para rematar, decidirá a maior idade do/da aspirante.

Dado que as prazas de promoción interna non foron computadas neste proceso de estabilización por imperativo legal, os criterios de cese que se negocien terán en conta esta circunstancia.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022.

Pola Administración:

A Directora xeral de Recursos Humanos do Sergas
Ana María Comesaña Álvarez

A Subdirectora Xeral de Selección de Persoal
María José Montero Furelos

A Subdirectora xeral de Políticas de Persoal
Margarita Prado Vaamonde

A Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional
Nieves Fiel Paz

A Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais
Mercedes Castro Seijas

Polas Organizacións Sindicais:

CIG

CCOO

CSI-F

SATSE

UGT